



DECRETO

Visto o informe-proposta da xefa do departamento de Asuntos Xerais do servizo de interior, de 1 de febreiro do 2016, conformado pola concelleira delegada de Facenda e Administración María Eugenia Vieito Blanco

ACORDO

Aprobar as instrucións para a celebración de matrimonios civís no Palacio Municipal de María Pita.

1º SOLICITUDES

Na oficina de rexistro de María Pita facilitaranse os impresos de solicitude nos que figura a documentación que se achegará.

As solicitudes deberán presentarse, como mínimo, con quince días de antelación á celebración do matrimonio, achegando toda a documentación requirida para a tramitación do correspondente expediente. No momento de presentala os contraentes poderán consultar o calendario de datas e horas vacantes.

2º LUGAR, DÍA E HORA

Os matrimonios terán lugar no salón de sesións, sempre que estea dispoñible, os venres en horario de 18:00 a 19:30 horas e os sábados en horario de 11:30 a 13:00 horas, salvo algunha excepción, cada media hora.

A elección da hora de celebración do matrimonio virá determinada pola data e hora de presentación da solicitude no Rexistro.

3º MEMBRO CORPORATIVO

Os matrimonios celebraranse ante o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro en quen delegue.

4º DOMICILIO DOS CONTRAENTES

De acordo co art.57 do Código Civil, un dos contraentes terá o seu domicilio na Coruña.

5º EXPEDIENTE MATRIMONIAL

Unha vez recollido o testemuño do auto no Rexistro Civil, entregarse na oficina de rexistro de María Pita coa fotocopia do D.N.I. dos contraentes.

6º TESTEMUÑAS

Unha vez que se coñeza con certeza o nome das testemuñas, maiores de idade, que van intervir no acto, facilitarase ao funcionario encargado os nomes e a fotocopia do D.N.I.



7º ACTA DE MATRIMONIO E LIBRO DE FAMILIA


Unha vez finalizada a cerimonia, declarada a unión matrimonial por parte do Sr. Alcalde-Presidente ou concelleiro delegado, contraentes e testemuñas asinarán as actas de matrimonio e entregaráselles un orixinal que deberán levar ao Rexistro Civil, no prazo máis breve posible, para a inscrición e expedición do Libro de Familia.

8º ARCHIVO DO EXPEDIENTE

Se unha semana antes da data solicitada para a celebración do matrimonio non presentaron toda a documentación solicitada, ou non se puxeron en contacto co funcionario/a encargado/a da tramitación do expediente, arquivarase o expediente sen máis trámite.

Así mesmo se non puidesen celebrar o matrimonio na data solicitada, deberán comunicalo o máis axiña posible.

A Coruña, 1 de febreiro do 2016


E alcalde

